

## Conferencia de clausura

BASILIO LOSADA

A obra de Manuel María foi recollida en dous volumes de 700 páxinas cada un. Non sei eu de outro poeta no mundo que teña unha obra tan copiosa. Copiosa e diversa. Na lírica de Manuel María refléxase o que foi a evolución da lírica galega todo ao longo do século XX, dende a poesía existencial, a lírica do desacougo heideggeriano, ao neotrobadorismo, á lírica de tema relixioso – a procura de Deus, procura sen esperanza e que ten moito que ver co descubrimento da soidade existencial, á poesía construída sobre un apriorismo político, e –o que para min constitúe o mellor do seu labor poético- a poesía amorosa, presente en todo o seu camiño de creación pero que callou nun libro memorábel: *Poemas de labarada estremecida*. Fixen a experiencia de ler poemas deste libro nunha xuntanza de poetas de orixe e de idioma moi diverso. Non dixen, no comezo, o nome do poeta, e apostaban todos pola autoría de poetas moi diversos: Hölderlin, Kleist, Schiller, ... Eran de Manuel María, poeta que ningún dos oíntes coñecía. Moitos copiaron os poemas ou ensaiaron unha tradución de urxencia. Penso que neste libro, homenaxe a Saleta, a muller que acompañou o poeta todo ao longo dunha vida afervoadada e xenerosa, hai catro ou cinco poemas que ben poderían pasar a unha rigorosa antoloxía de poemas de amor en calquera das linguas do mundo. E non esquezo os poemas da paisaxe, o seu canto á Terra Cha.

Poderíamos pensar que Manuel María foi un poeta disperso, ecoico, das modas do momento. Non é así. Para min, Manuel María, por riba da diversidade temática é un poeta perfectamente integrado. Integrado nunha paisaxe moi concreta: a

da súa bisbarra, a Terra Cha; integrado nunha ideoloxía política na que se mantivo ilusionado desde os seus primeiros poemas até os derradeiros. Foi un nacionalista, cun pensamento e cunha acción eficaz todo ao longo da súa vida. Mesmo na poesía amorosa, ou paisaxística, esta entrega afervoadada ao soño de liberdade para o seu país resulta esencial é indiscutíbel. Integrado tamén pola súa fidelidade á lingua galega. Toda a obra de Manuel María, eses dous volumes con mil catrocentas páxinas de poesía, é unha demostración ilusionada de confianza nun futuro mellor para a súa terra, sen quebra e sen vacilacións.

A dimensión ética é fundamental neste labor lírico de Manuel María. Para moitos, por máis que nunca vin manifesta por escrito esta opinión, a ética de Manuel María é moi sinxela. Digo eu que toda ética é sinxela. Levamos, mal que ben , e máis ben mal, dous mil anos de historia construída sobre o intento falido dunha ética cristiá: “Ama os outros coma a ti mesmo”. Revelouse imposíbel o proxecto: ninguén, nin mesmo os santos, poideron cumprilo. Hai unha versión laica deste proxecto, arraigada na idea kantiana de “relixión si, pero dentro da razón”; “non queiras para outro o que non queiras para ti”. Non lle vexo eu éxito maior, pero estas definicións simplicísimas da ética abundan, como proxecto, para artellar unha vida. Eu diría que toda a ética encérrase noutra idea: “o home non é instrumento para o home”. Esta digresión vén a conto porque, se a proposta ética de Manuel María é sinxela, débese posibelmente a que o principio fundamental da ética é dunha simplicidade conmovedora. Podemos escoller calquera definición destas tres. Eu quedo coa última.

É a ética entendida como vontade de servizo aos máis, e como vontade de servizo ao país, co que se integra o que poidese haber de individualismo en calquera dos proxectos éticos mencionados, nunha visión máis xeral, histórica: cada un de nós forma parte dun proxecto colectivo que está implícito nas tres posíbeis definicións referidas. A vontade, ou o proxecto, que xaz na ética de Manuel María, non deslinda o individual do colectivo. Vivimos nun tempo e nun país, e a ética non é só un esforzo de salvación individual - salvación laica, entendámonos- senón de salvación colectiva. A ética solidaria está, tácita ou expresa, en todo o labor de Manuel María. Ética sinxela, si, e comprensíbel, aberta e clara, sen escuridade artificiosa nin pedantías profesionais: traballar polo país é traballar por todos tamén individualmente.

Vontade de comunicación é outro dos elementos esenciais deste inmenso corpus lírico. Non se cumpre en Manuel María aquela facecia de “xa que non podemos ser profundos, sexamos escuros”. Todo ao contrario: poesía é comunicación. Dixo Drummond de Andrade, poeta cimeiro do século XX e home de maxisterio permanente: “Mallarmé esgotou o cáliz do incognoscíbel; a nós só nos queda o cotián”. Eu podería engadir: “os que escriben con claridade teñen lectores; os que escriben con escuridade teñen comentaristas”. ¿Pode alguén dudar de que Manuel María tivo lectores? Se a súa mensaxe ética fose preceidreira e circunstancial, non tería lectores hoxe. Foi a súa unha mensaxe válida para calquer tempo, tamén para construír un paraíso. De poucos poetas sei, poida que só de Rosalía, que chegasen a lectores tan

diversos. Podo dicir que vin libros seus nas mans de xente que nunca pensei que tivesen interés pola poesía. Poeta do pobo, poeta da nación.

Nesta dimensión popular do seu labor poético inflúe, xa que logo, a súa opción polo galego. Non un galego culto – en todas as linguas coexisten estes niveis, en catalán fálase da poesía de Carner como marabilla de pureza idiomática dificilmente accesíbel á xente do común. En castelán os exemplos serían moitos: dubido eu moito de que a mellor poesía de Lorca, a de *Poeta en Nueva York*, por exemplo, sexa unha lectura popular. Manuel María recolleu a lingua labrega da Terra Cha, cos impresionábeis préstamos do galego culto. Lembro eu, dos meus tempos de neno nunha aldea galega, a riqueza inmensa da nosa lingua no seu ámbito de nacemento: o mundo rural. Nunca lle oín á miña avó dicir “camiño”. Camiño era unha abstracción. No seu arredor había moitas formas de camiños, cada unha co seu nome diferente: canle, carreiro, rueiro, congostra, canella, vial, vello, vereia, carroucho, corgo e moitas máis, non sinónimos, senón perfectamente diferenciadas. ¿Como traduciría eu ao castelán a frase que tanto lle oín: “Non veñades do monte coas vacas pola canle, que vai chover, vinde pola congostra”? O galego, inmensamente rico no seu mundo de orixe, o rural, empobrécese, como todas as linguas, cando ten que reflexar elementos do ámbito urbano, e aínda máis do político. Tamén a opción idiomática é expresión cabal dunha consciencia ética do noso poeta. Lembro unha frase de Max Aub – exemplo de opción lingüística ao máis alto e conflitivo nivel: “Un intelectual é aquel para quen os problemas políticos son ante todo problemas morais”. Manuel María non pensou nunca os problemas políticos lonxe dos morais, e preferiu sempre o camiño ético, máis difícil pero máis evidente. Pensou, como posibelmente todos nós, que toda gran literatura, digamos, rexional, quer dicir contrario do cosmopolita, porque as literaturas que poderíamos chamar rexionais teñen propostas non condicionadas polo mercado.

Fixen unha referencia á poesía relixiosa de Manuel María, e gustárame insistir nun libro fundamental e non sempre ben entendido. Falo do *Libro de pregos*, do ano 1962, libro, por certo, do que Manuel María nos seus anos derradeiros case renegou, “ese libro, no fondo, é unha frustración. Non lle teño especial cariño”. Para min este libro non é un tributo á moda, un calco da poesía relixiosa daquel tempo, tinxida de desacougo existencial, tantas veces falsa. Naceu o libro dunha traxedia familiar: a morte dun irmán seu, vítima dun dramático accidente de tránsito, atropelado por un camiión, se non erro ou non erran as miñas informacións. Manuel María, sempre cunha sensibilidade a flor de pel, reaccionou, como foi normal nel, cun libro de poemas. Non é tanto poesía relixiosa, acougante e consoladora, como poesía na que a interrogación a Deus, ás veces irritada e mesmo cunha iracundia que calquera lector pode perceber de inmediato, podería resumirse no que é un dos temas fundamentais da teoloxía moderna, onde tantos aspectos da dogmática cristiá semellan hoxe irrelevantes para o home. Estes problemas teolóxicos fundamentais son o silencio de Deus e a dor dos inocentes. ¿Por qué? ¿Por qué é a pregunta que calquera home relixioso

se fai hoxe?. Os berros anguriados – “¡Non nos deixes, Señor da túa man!- inciden cun valor teolóxico evidente para todo aquel que non ve na idea tradicional de Deus e nas prácticas rituais máis que unha consolación superficial. “Apagouse a túa luz, Señor, para sempre?”; interrogar a Deus, mesmo pedirlle contas, pode ser unha manifestación de fe irritada polo desacougo, pero honesta na súa sinceridade. Unha das figuras capitais da teoloxía católica, o cardeal Newman, convertido ao catolicismo romano dende o anglicismo, dixo: “Quen busca a Deus, encontrouno xa”. Buscar a Deus, a cegas, con esperanza, poida que sexa hoxe a solución, moito máis humana e válida que a repetición mecánica de oracións ou presenzas rituais. “Aínda que todo semelle apacíbel / levamos, Señor, no noso espírito / unha loita acesa que nos mata”. Sería interesante que alguén se achegase a estes poemas sen prexuízos, cunha mentalidade aberta, pensando que xa o que nos queda non é máis ca humana esperanza, e mesmo está cada vez máis abalada. É este libro, para min, cos *Poemas da labarada estremecida*, o máis fondo que escribiu Manuel María, poemas moito máis intensos, por máis que non máis verdadeiros, que os poemas tinguidos de apriorismo político que, por outra parte, os tempos xustificaban sobexamente. “A procura de Deus é o acto máximo de fe”.

E posto a citar frases nas que moito pensei e penso, quedaría con unha, non sei de quen, poida que fose unha ocorrencia miña nun momento de fatiga como lector despois de moitos anos de aturar pedantías e solemnidades baleiras, ou propostas prescindíbeis de innovación técnica na poesía: “A arte non é nada sen comunicación. O máis revolucionario hoxe, en arte, é voltar á emoción e á beleza”. Ou unha proposta máis para pensala: “A literatura engrandécese cando se pon ao servizo dos que sofren”, cunha variante posíbel: “para non equivocarse nunca hai unha fórmula: estar cos que sofren”. Alguén dubida de que iso foi o que pensaba Manuel María?

Unha linguaxe sinxela e clara, accesíbel, porque a linguaxe ten que ser un camiño que leve á verdade. “Nós non somos do século de inventar palabras. As palabras xa foron inventadas todas. Nós somos do século de inventar novas palabras que xa foron inventadas”. Isto díxoo Almada-Negreiros. Penso que reinventar as palabras é a función da poesía. Por iso o poeta, a poesía, é imprescindíbel. “Ese home quén é?”, preguntáronlle un día a Cocteau, consta no seu *Testament d’Orfée*. “Ese home é un poeta” dixo Cocteau”, é dicir, alguén indispensábel. Indispensábel como a figura e a obra de Manuel María no ámbito das nosas letras.

Manuel María foi, tamén, o primeiro nome novo que apareceu na literatura galega de posguerra. Estaba subscrito eu daquela, aló polos anos cincuenta, ao xornal compostelano *La Noche*. Interesábame de maneira especial o suplemento cultural, aquelas follas inesquecíveis de aparición semanal. Ver alí o nome dun rapaz que tiña a que era entón a miña idade encheume de ledicia. Levaba eu toda a vida fóra de Galiza e o xornal santiagués era o meu único contacto co país. Manuel María era unha revelación para min. Logo fomos amigos, exactamente da mesma quinta, por máis que a lonxanía creaba entre nós diferenzas de opinión sobre algúns aspectos da

nosa visión de Galiza. “O desterro –dicía Burkahardt no seu estudo sobre a cultura do Renacemento en Italia- ou aniquila o home, ou contribúe de maneira importante á súa formación”. No meu caso, metade por metade. Pero cando un leva toda a vida lonxe, e durante anos sen posibilidade de viaxar ás terras da miña orixe, a visión dos problemas é diferente moitas veces; con todo, nunca houbo desencontros, foi unha amizade que soportaba as diferenzas de opinión. Cando puideren xa ir regularmente a Galiza, en breves pero fecundas viaxes, comprobei aquilo que di Hölderlin, un dos meus poetas máis amados: “O chan amado da miña patria causa en min de novo ledicia e desalento”. A miña consolación era a poesía, o máis semellante a unha patria. E moitas, moitas veces, a miña patria descubrina nos poemas de Manuel María.

Agradezo, pois, esta oportunidade de falar da súa poesía neste Congreso, no que penso que resultaron iluminados desde perspectivas novas moitos aspectos do labor aparentemente disperso de Manuel María (teatro, lírica, narración). E digo, unha vez máis, aparentemente disperso, porque en realidade, e remato como comecei: toda a obra do noso poeta presenta unha unidade esencial, é labor integrado.